ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE PROTECCIÓN CONTRA RUÍDOS E VIBRACIÓNS

(B.O.P nº139 19/06/2002)

CAPÍTULO PRIMEIRO
Disposicións Xerais

Art. 1º.- A presente Ordenanza regulamenta a actuación municipal para a protección do medio ambiente contra as perturbacións por ruídos e vibracións no termo municipal de Ourense.

Art. 2.- Corresponde ó Concello exercer o control do cumprimento da presente Ordenanza, esixir que se adopten as medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado. Para tal fin, o Concello realizará auditorías acústicas periódicas para determinar por zonas o grao de cumprimento da presente Ordenanza.

CAPÍTULO SEGUNDO
Criterios de prevención urbana

Art. 3º

1. A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para toda actividade que se encontre en funcionamento, exercicio ou uso, e comporte a producción de ruídos molestos ou perigosos e vibracións.

2. Esta Ordenanza será orixinariamente esixible a través dos correspondentes sistemas de licencias e autorizacións municipais para toda clase de construccións, demolicións, obras na vía pública e instalacións industriais, comerciais, recreativas, musicais, espectáculos e de servicios, e cantas se relacionan nas normas de uso do Plano Xeral de Ordenación Urbana de Ourense, así como para as ampliacións ou reformas que se proxecten ou executen a partires da vixencia desta Ordenanza e, no seu caso, como medida correctora esixible, de conformidade co establecido no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, ou outra lexislación aplicable.

Art. 4º

1. Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigada observancia dentro do termo municipal, tódalas instalacións, aparellos, construccións, obras, vehículos medios de transporte e, en xeral, tódolos elementos, actividades, actos e comportamentos que produzan ruídos e vibracións que podan ocasionar perigosidade ó veciñanza ou que modifiquen o estado natural do ambiente circundante, calquera que sexa o seu titular, promotor ou responsable e o lugar, público ou privado, aberto ou pechado, no que estea situado.

2. En particular, a presente Ordenanza será de aplicación nos casos seguintes, entre outros:

   a) Organización do tráfico en xeral de transportes colectivos urbanos.
   b) Recollida de residuos sólidos.
   c) Asentamento de centros docentes (parvuliños, colexios), sanitarios (consultorios médicos) e lugares de residencia colectiva (cuarteis, hospitais, hoteis, residencias de anciáns, conventos, etc.)
   d) Illamento acústico na concesión de licencias de obras de instalación e apertura e funcionamento das actividades en xeral.
   e) Planificación e proxecto de vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortecemento acústico (distancia a edificacións, arborado, defensas acústicas por muros illantes absorbentes, especialmente en vías elevadas e semisoterradas, etc.)

CAPÍTULO TERCEIRO
Criterios de prevención específica

SECCIÓN 1ª - Ruídos de vehículos

Art. 5º.- Os conductores de vehículos de motor, excepto os que serven de vehículos da Policía Nacional, Autonómica ou Municipal, Servicio de Extinción de Incendios, Salvamentos e outros vehículos destinados ós servicios de urxencias, absteranse de facer uso dos seus dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as vintecatro horas do día, incluso no suposto de calquera dificultade ou imposibilidade de tránsito que se produza na calzada das vías públicas. Só será xustificante a utilización instantánea de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidente que non podan evitarse por outros sistemas.

Art. 6º

1. Queda prohibido forzar marchas dos vehículos de motor producindo ruídos molestos, como no caso de aceleracións innecesarias, e forza-lo motor en costas.

2. Tamén está prohibido utilizar dispositivos que podan anular a acción do silenciador, ou forza-las marchas por exceso de peso.

Art. 7º

1. O escape de gases debe estar dotado dun dispositivo silenciador das explosións, de forma que en ningún caso se chegue a un nivel de ruídos superior ó que se establece para cada unha das categorías de vehículos; o dispositivo silenciador non poderá pórse fóra de servicio polo conductor.

2. Tanto nas vías públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos de motor co chamado "escape de gas libre".

3. Prohíbese tamén a circulación dos vehículos citados cando os gases expulsados polos motores, en vez de atravesar un silenciador eficaz, saian dende o motor a través dun incompleto, inadecuado ou deteriorado, ou ben a trabes de tubos resoadores.

Art. 8º.- Cando a Policía Local estime que un vehículo en circulación puidera exceder os niveis sonoros máximos permitidos, de acordo co preceptuado no RD 1398/93, levantará atestado do feito, indicando ó titular do vehículo a obriga de presentalo no lugar e horario preciso para o seu recoñecemento e inspección. Tal actuación iniciará o oportuno expediente sancionador. Se, despois de inspeccionar o vehículo, non superase os niveis sonoros permitidos, a denuncia será sobresida.

SECCIÓN 2ª Comportamento dos cidadáns na vía pública e na convivencia diaria.

Art. 9º

1. A producción de ruídos na vía pública e nos lugares de pública concorrencia (piñeirais, ribeiras, parques, etc.), ou no interior dos edificios, deberá ser mantida dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá.

2. Os preceptos desta sección refírense a ruídos producidos por:

   a) Ton excesivamente alto da voz humana ou á actividade directa de persoas
   b) Sons e ruídos emitidos por animais domésticos
   c) Aparellos e instrumentos musicais ou acústicos
   d) Aparellos domésticos

Art. 10º.- No relacionado cos ruídos do apartado 2 a) do artigo anterior queda prohibido:

a) Cantar, berrar, vociferar a calquera hora do día ou da noite en vehículos do servicio público

b) Calquera tipo de roído que se poda evitar no interior da casa, en especial dende as dez da noite ata as oito da mañá, producido polas reparacións de materiais ou mecánicas de carácter doméstico, cambio de mobles ou por outras causas.

c) Berrar vociferar, cantar (especialmente durante horario nocturno, e si hai equipos de música, consumo de alcohol...) alterando a normal convivencia cidadá, en parques, xardíns, vías e espacios públicos, salvo nos lugares autorizados para eso.

Art. 11º.-

Con referencia ós ruídos do grupo c) do artigo 9, establécense as prevencións seguintes:

1. Os propietarios ou usuarios dos aparellos de radio e televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalantes, pianos ou outros instrumentos musicais ou acústicos no propio domicilio deberán axustar o seu volume de forma que non superen os niveis establecidos no capítulo IV.

2. Prohíbese na vía pública e en zonas de pública concorrencia (prazas, parques, etc., incluídas terrazas autorizadas de establecementos de hostalería) accionar aparellos de radio e televisión, tocadiscos, instrumentos musicais, emitir mensaxes publicitarios e actividades análogas. A pesares diso, en circunstancias especiais, a autoridade poderá autorizar estas actividades. Esta autorización será concedida en cada caso polo Concello, que poderá denegalas cando se aprecie a inconveniencia de perturbar, anque sexa temporalmente, ó veciñanza ou ós usuarios do entorno.

Art. 12º.- Os ensaios ou reunións musicais, instrumentais ou vocais, baile ou danza e as festas privadas ateranse ó que se estableceu no artigo anterior.

Art. 13º.- No referente ó ruído do grupo d) do artigo 9 prohíbese a utilización, dende as dez da noite (22.00h) ata as oito da mañá (08.00h), de calquera tipo de aparello ou instalación doméstica, como é o caso das lavadoras, licuadoras, picadoras e outros, cando poidan superar os niveis establecidos no capítulo IV.

SECCIÓN 3ª Traballos na vía pública que produzan ruídos.

Art. 14º

1. Os traballos temporais, así como as obras de construcción, públicas ou privadas, salvo nos casos de forza maior, deberán realizarse obrigatoriamente entre as 08 e as 22 horas si se produce un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior das propiedades alleas. **Os equipos empregados non poderán acadar a cinco metros de distancia niveis superiores a 90 dBA**, polo que se adoptarán as medidas correctoras que procedan. Cando por razóns de necesidade os traballos tiveran que exceder ditos límites, os promotores deberán recadar autorización expresa do Concello, que será concedida sempre que concorran ditas razóns de necesidade e sexan debidamente xustificadas.

2. Exceptúase a prohibición de traballar en horas nocturnas ás obras urxentes por razóns de necesidade ou perigo, ou aquelas que polos seus inconvenientes non podan facerse de día. O traballo nocturno deberá ser autorizado, expresamente pola autoridade municipal, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir.

Art. 15º.- As actividades de carga e descarga de mercadorías, manipulación de caixas, colectores de entullos, materiais de construcción e obxectos semellantes na vía pública, excepción feita das encamiñadas á recollida do lixo ou servicios análogos de titularidade pública, prohíbense dende as 22.00 ás 08.00 horas se producen un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior das propiedades alleas. No horario restante da xornada deberán realizarse co máximo coidado, coa finalidade de minimizar as molestias e reducilas ás estrictamente necesarias.

SECCIÓN 4ª Máquinas e aparellos susceptibles de producir vibracións

Art. 16º.- Non poderá instalarse ningunha máquina ou elemento móbil susceptible de producir e transmitir vibracións en paredes, teitos, forxados ou outros elementos estructurais das edificacións sen autorización municipal expresa. En casos excepcionais nos que se acredite polo técnico competente que

non se produce molestia algunha ó veciñanza, ou ben se instalen os correspondentes elementos correctores, ou ben o alonxamento ou illamento da actividade respecto ás vivendas máis próximas sexa suficiente, previa valoración destas circunstancias polos servicios municipais competentes, poderase autoriza-la instalación.

Non se permitirá a modificación da maquinaria relacionada no proxecto que sirva de base para autoriza-la apertura sen autorización municipal expresa. A modificación da maquinaria sen a autorización municipal á que se fai referencia no presente artigo levará de seu a caducidade automática da licencia de apertura do establecemento.

Art. 17º.- Non se permitirá ningunha vibración que sexa detectable sen instrumentos de medida nos lugares nos que se efectúe a comprobación. Para a súa corrección disporanse bancadas independentes da estructura do edificio e do solo do local, así como manguitos elásticos, montaxes flotantes, etc. ou outros dispositivos antivibratorios para todos aqueles elementos orixinarios de vibración.

Art. 18º.- Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ó seu equilibrado dinámico e estático, así como á suavidade de marcha dos seus coxíns ou camiños de rodaxe.

Art. 19º.- Non se permitirá o ancoraxe directo de maquinaria e dos soportes desta ou calquera órgano móbil nas medianeiras, teitos ou forxados de separación entre os locais, piares e estructuras en xeral, dispoñéndose, en calquera caso, a instalación de elementos antivibratorios axeitados.

Art. 20º.- As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes sobre o solo firme e illadas da estructura da edificación e do solo do local por medio de materiais absorbentes da vibración.

Art. 21º.- Os conductos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas por estas máquinas. As bridas e os soportes dos conductos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conduccións reencheranse con materiais absorbentes da vibración.

Art. 22º.- Nos circuítos de auga coidarase de que non se presente o "golpe de ariete", e as seccións e dispositivos das válvulas e billa terán que ser de forma que xustifiquen que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

Art. 23º.- A instalación dos elementos citados nos artigos anteriores efectuarase con interposición de elementos antivibratorios axeitados, idoneidade da cal deberá xustificarse plenamente nos correspondentes proxectos.

SECCIÓN 5ª Máquinas e aparellos susceptibles de producir ruídos.

Art. 24º.- Con independencia das restantes limitacións desta Ordenanza, no interior de calquera espacio aberto ou pechado, destinado a reunións, espectáculos ou audicións musicais (discotecas e semellantes), non poderán superarse niveis sonoros superiores a 95 dBA en ningún punto do local destinado ó uso dos clientes, excepto que no acceso ou accesos do referido espacio se coloque o aviso seguinte: "**Os niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no oído**". O aviso deberá ser perfectamente visible, tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación.

Art. 25º.- Excepto en circunstancias excepcionais, prohíbese facer soar durante a noite elementos de aviso, como sirenas, alarmas, campás ou semellantes.

Art. 26º

1. Prohíbese facer soar, excepto causas xustificadas, calquera sistema de aviso, alarma e sinalización de emerxencia (por roubo, incendio, etc.).

Así e todo, autorízanse probas e ensaios de aparellos de alarma e emerxencias, que serán de dous tipos:

a) **Excepcionais**: serán as que deben realizarse inmediatamente despois da súa instalación ou reparación e poderanse efectuar entre as 10.00 e as 18.00 horas da xornada laboral.

b) **Rutineiras**: serán as de comprobación periódica dos sistemas de alarma. Só se poderán realizar unha vez ó mes nun intervalo máximo de cinco minutos, dentro do horario anteriormente sinalado da xornada laboral. A Policía Municipal deberá coñecer previamente o plan destas comprobacións, con expresión do día e hora na que se realizarán.

SECCIÓN 6ª Condicións de instalación e apertura de actividades.

Art. 27º

1. As condicións esixidas nos locais situados en edificios habitados ou con influencia sobre eles e destinados a calquera actividade que poida considerarse como foco de ruído, serán as seguintes:

A) Os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade que poida considerarse como un foco de ruído; e todo outro recinto contiguo deberán, mediante tratamento de insonorización apropiado garantir un illamento acústico superior ós valores indicados na seguinte táboa.

Illamento mínimo $\mathbf{D_{nTw(100\text{-}3150Hz)}}$, con carácter xeral, de cara a ambientes interiores en función da clasificación da zona de recepción sonora.

ZONA	8.00 a 22.00 h	22.00 a 8.00 h
A	50	65
B	45	60
C, D	40	55

EXCEPCIÓNS

Non obstante, nas actividades de taller de chapa do automóbil, carpinterías de madeira ou metálicas, ximnasios, escolas de música e danza, obradoiros de panadería ou pastelería, imprentas e en xeral actividades semellantes, si soamente se desenvolven durante horario diúrno (8.00 a 22.00 h), os locais que as albergan, deberán ter un illamento mínimo de 55 dBA respecto ó interior de vivendas.

Exclúese de toda valoración as pezas non habitables, cocinas e baños.

Procedemento de cálculo: as medicións de illamento realizaranse segundo os procedementos indicados na Norma UNE-EN ISO 140-4, tomando como recinto emisor o local no que se realiza a actividade ruidosa.

Os cálculos realizaranse en bandas de 1/3 de oitava, entre 100 e 3150 Hz, obtendo para cada banda o valor da diferencia de niveis estandarizada, D_{nT}.

O valor de illamento global calcularase segundo a Norma UNE-EN ISO 717-1, Obtendo o valor de $\mathbf{D_{nTw(100\text{-}3150\ Hz)}}$, expresado en dBA.

B) O conxunto de elementos constructivos, dos locais nos que estean situados os focos de ruído, non contiguos a outras edificacións, como son fachadas e muros de patios de luces, deberán asegurar un illamento superior ós valores indicados na seguinte táboa.

Illamento mínimo $\mathbf{D_{w(100\text{-}3150Hz)}}$ (dB) de cara a ambientes exteriores en función da clasificación da zona de recepción sonora.

ZONA	8.00 a 22.00 h	22.00 a 8.00 h
A	23	38
B	18	33
C,D	13	28

Procedemento de cálculo: A pesares de que a Norma UNE-EN ISO 140-5 regula as medicións de illamento a ruído aéreo de fachadas, dado que esta baséase na protección de recintos interiores fronte ó ruído do exterior, en contra do que se pretende neste punto da Ordenanza, que é a protección do exterior fronte ó ruído xerado no interior dun recinto, as medicións de illamento cara a ambientes exteriores realizaranse segundo os procedementos indicados na Norma UNE-EN ISO 140-4, tomando como recinto receptor o ambiente exterior, a 3 metros da liña de fachada ou do límite da propiedade do titular do foco de ruído.

Os cálculos realizaranse en bandas de 1/3 de oitava, entre 100 e 3150 Hz, obtendo para cada banda o valor da diferencia de niveis,

O valor do illamento global calcularase segundo a Norma UNE-EN ISO 717-1, Obtendo o valor de $\mathbf{D_{w(100\text{-}3150\ Hz)}}$, expresado en dBA**.**

Os valores do illamento tamén se refiren ós orificios e mecanismos para a ventilación dos locais emisores, tanto no inverno como no verán.

C) Poderán permitirse illamentos inferiores cando se trate de actividades realizadas exclusivamente por máquinas de funcionamento autónomo, sempre que se garanta que en ningún caso se superen no entorno (ambiente interior e exterior) os niveis de ruído sinalados no capítulo IV. Este aspecto deberá xustificarse no estudio técnico. Nestes casos o illamento mínimo necesario será en función dos niveis esixidos no capítulo IV, e do ruído máximo xerado polas máquinas.

1. A persoa obrigada a incrementar o illamento ata os mínimos sinalados é o titular do foco de ruído. C

2. O cumprimento das disposicións deste artigo non exime da obriga de axustarse ós niveis do capítulo IV.

3. Crease a **ZONA I** , zona do núcleo histórico de Ourense, que se regulará en función do que determina o Anexo I.

Art. 28º

1. Para conceder licencia de instalación dunha actividade incluída no ámbito de aplicación do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, ou de actividades con equipo de música ou que desenvolvan actividades musicais serán requisitos necesarios:

I.- Ademais da documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso presentar estudio realizado por técnico competente describindo os seguintes aspectos da instalación:

Descrición do local, con especificación dos usos dos locais lindantes e a súa situación con respecto a vivendas.

a) Descrición do equipo musical (potencia acústica e gama de frecuencias)

b) Situación e número de altofalantes e descrición de medidas correctoras (direccionalidade, suxeición, rendemento, resposta de frecuencia, etc.).

c) Descrición dos sistemas de illamento acústico, con detalle das pantallas de illamento, especificación do illamento en función das frecuencias e absorción acústica.

d) Cálculo xustificativo do tempo de reverberación e illamento.

II.- Será necesaria a instalación dun sonómetro permanente (sonógrafo) ou aparello que rexistre os niveis sonoros existentes dentro do local en cada momento. As características mínimas do sonógrafo así como as súas condición de instalación serán as sinaladas no Anexo II.

O sonógrafo non poderá ser manipulado por persoal alleo ós servicios municipais. O persoal dos servicios municipais terán en todo momento acceso ó sonógrafo.

III.- Ademais cando a potencia total dos equipos de reproducción sonora supere os 2 w/m^2 (2 vatios RMS por metro cadrado de superficie útil do local sonorizado)

a) Deberá instalarse limitador de potencia con arranxo ás características e condicións de instalación fixadas no Anexo II,

b) Os accesos de público a estes establecementos disporán dun sistema de dobre porta con peches automáticos, formando un vestíbulo cortaventos. A porta interior estará situada nun plano perpendicular ó plano continente da porta exterior. A distancia mínima entre calquera punto do arco formado polo percorrido da porta interior e calquera punto da porta exterior pechada, será dun metro. As portas abrirán para o exterior en todo caso. A cara interior do vestíbulo de independencia creado desta maneira entre a actividade e o espacio libre exterior, recubrirase preferentemente con materiais de alta absorción acústica.

IV. Igualmente, no caso de que tralas medicións oportunas se comprobe que a actividade, aínda que dispoña de licencia, supera os límites sonoros que determina esta Ordenanza, sen prexuízo das sancións que procedan, poderase esixi-la instalación de sonógrafo, limitador, realización de vestíbulo cortaventos e o máis grande illamento ou outras, como medidas correctoras.

V. Non se concederán licencias para actividades incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento Xeneral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas con equipos de reproducción sonora de potencia superior a 2 w/m^2, si nun radio inferior a 25 m. existe outra actividade de semellantes características.

2.

a) Despois de que se presente o estudio técnico poderán procede-los servicios técnicos municipais á comprobación da instalación, efectuándose unha medición de illamento acústico do local no que se vai desenvolve-la actividade, tanto cara ós espacios interiores máis afectados (sobre todo vivendas, pero tamén cara espacios con outros usos) como para os espacios exteriores (na rúa).

b) Comprobarase o ruído transmitido ó entorno producido por outros elementos do local, como extractores, cámaras frigoríficas, grupos de presión, arrastre de cadeiras e mesas, accionamento de portas e persianas, etc., o nivel máximo non excederá os límites fixados no capítulo IV.

Art. 29º.-

Para conceder licencia de instalación de actividades industriais serán requisitos necesarios:

I.- Coa documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso describir, mediante estudio técnico, as medidas correctoras previstas referentes ó illamento acústico e vibracións. Este estudio, que formará parte do proxecto que se presente, en cumprimento do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, constará, como mínimo, dos seguintes apartados:

a) Descrición do local, con especificación dos usos dos locais lindantes e a súa situación con respecto a vivendas.

b) Detalle das fontes sonoras e vibratorias.

c) Niveis de emisión acústica de ditas fontes a un metro de distancia, especificándose as gamas de frecuencias.

d) Descrición das medidas correctoras previstas e xustificación da súa efectividade, tendo en conta os límites establecidos nesta ordenanza. Para a concesión da licencia de apertura comprobarase previamente se a instalación se axusta ó proxecto técnico e a efectividade das medidas correctoras adoitadas en orde ó cumprimento da presente Ordenanza.

II.- No caso de que os servicios técnicos municipais estimen a súa necesidade, en función do tipo de actividade, e sobre todo do tipo de ruído que se produza nos locais nos que se desenvolve a actividade, será necesaria a instalación dun sonómetro permanente ou aparello que rexistre os niveis sonoros existentes dentro do local en cada momento. As características técnicas do sonógrafo cumpriran as indicacións sinaladas no anexo II.

O sonógrafo non poderá ser manipulado por persoal alleo ós servicios municipais. O persoal dos servicios municipais terán en todo momento acceso ó sonógrafo.

Art. 30º.-

As precisións contidas nos artigos. 28.1.II e 29.II non serán aplicables ós establecementos que posúan licencia municipal para o seu funcionamento á data de entrada en vigor da presente Ordenanza tanto en canto estes locais non sexan sancionados por infracción á presente Ordenanza.
A sanción firme de calquera dos locais descritos no parágrafo anterior levará de seu a obriga por parte dos titulares de adecuar as súas instalacións ó establecido nos artigos. 28.1.II e 29.II da presente Ordenanza.

Todo esto sen prexuízo de que estas precisións se lle poidan esixir como medidas correctoras, unha vez realizadas as medicións oportunas se comprobara que a actividade excede dos limites sonoros permitidos por esta Ordenanza.

Art. 31º.- Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercer, durante horario nocturno, a súa actividade coas portas e ventás pechadas. En caso de incumprimento desta obriga, poderase proceder, previo apercibimento á retirada provisional ou definitiva da licencia.

CAPÍTULO CARTO
Características de medición e límites de nivel de ruído.

Art. 32º.-

A determinación do nivel sonoro realizarase e expresarase en decibelios ponderados, de acordo coa rede de ponderación normalizada A (dBA). Para a determinación do nivel sonoro empregarase calquera dos aparellos permitidos pola lexislación vixente.

Art. 33º.-

A valoración dos niveis sonoros que establece a presente Ordenanza rexerase polas seguintes normas:

1. A medición levarase a cabo, na medida do posible, no lugar no que o seu nivel sexa máis alto, e se fora preciso, no momento e situación na que as molestias sexan máis acusadas.

2. Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruídos facilitarán ós técnicos municipais o acceso ás súas instalacións ou focos xeradores de ruídos e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas, marchas ou volume que lles indiquen ditos técnicos. Asemade, poderán presenciar o proceso operativo.

3. Terán validez, en todo caso, as medicións efectuadas polos sonómetros permanentes (sonógrafo) instalados de acordo cos artigos 28 e 29 desta Ordenanza. Corresponderá, en todo

caso, ó presunto infractor a carga da proba do defectuoso funcionamento do sonómetro permanente.

4. Establécese unha clasificación dos ruídos en función da súa temporalidade. As categorías desta clasificación son: continuo, esporádico, e corto eventual. Defínese a continuación cada unha das categorías.

Clasificación do ruído en función da súa temporalidade.

Ruído continuo: é aquel que se produce ininterrompidamente durante mais de 10 minutos ou durante mais do 25% de un período dunha hora, variando o nivel sonoro recibido nun marxe inferior a ±1 dBA, medido con resposta lenta "SLOW". A manifestación mais xeneralizada deste tipo de ruído é o producido por máquinas que teñen períodos largos de funcionamento (equipos de climatización). Tamén terá consideración de ruído continuo o producido por equipos de música instalados en locais de ocio que dispoñan de limitador de potencia en algún dos equipos de reproducción sonora instalados na actividade. As medicións realizaranse en Nivel equivalente durante 60 segundos (L_{Aeq60}), ou polo seguimento do nivel sonoro indicado polo sonómetro en resposta lenta "SLOW", determinando o valor medio ou o que se mantén durante a maior parte do tempo.

Ruído esporádico: é aquel que a súa manifesta percepción se produce durante menos do 25% de un período de unha hora. Xeralmente inclúense neste tipo as voces producidas no interior de locais públicos, maquinas de funcionamento esporádico en talleres (esmeril, trades...), accionamento de persianas e portas de garaxes.... As medicións realizaranse en Nivel equivalente durante 60 segundos (L_{Aeq60}). Para ruídos de duración superior a 1 minuto poderase realizar o seguimento do nivel sonoro indicado polo sonómetro en resposta lenta "SLOW", determinando o valor medio ou o que se mantén durante a maior parte do tempo.

Ruído corto eventual: ruído de duración inferior a un minuto, que se produce menos de 10 veces durante o horario diúrno, e menos de 4 veces durante o horario nocturno. A acción máis características deste tipo de ruído é o accionamento de persianas de peche de actividades. As medicións realizaranse en nivel equivalente durante 60 segundos (L_{Aeq60}). Tamén se inclúe neste tipo de ruído aqueles producidos por frecuentes golpes (marteladas, machadazos...), pero neste caso o valor do nivel sonoro a ter en conta é o máximo (ou termo medio do máximo de varios golpes) medido con resposta lenta "SLOW".

Art. 34º

1. Os valores máximos de recepción do ruído, en función da zona de recepción e do horario no que se produce o ruído, están reflectidos na seguinte táboa:

		NIVEL DE RECEPCIÓN					
		Interior				Exterior	
		NRII (1)		NRIE (2)		NRE (3)	
CADRO I		Día (4)	Noite	Día	Noite	Día	Noite
Zona A – Ambiente interior. (dormitorios e salas de estar)	Corto eventual	30	25	60	50		
	Esporádico	30	25	60	50		
	Continuo	30	25	60	50		
Zona A – Ambiente interior. (Outros)	Corto eventual	35	28	60	50		
	Esporádico	35	28	60	50		
	Continuo	35	28	60	50		
Zona B – Ambiente interior. (dormitorios e salas de estar)	Corto eventual	35	30	65	55		
	Esporádico	35	27	65	52		
	Continuo	30	25	60	50		
Zona B – Ambiente interior.	Corto eventual	40	35	65	55		

(Outros usos de vivenda. Oficinas, academias e similares)	Esporádico	37	32	65	52		
	Continuo	35	30	60	50		
Zona C – Ambiente interior.	Corto eventual	40	35	70	60		
	Esporádico	37	32	67	57		
	Continuo	35	30	65	55		
Zona D – Ambiente interior.	Corto eventual	40	35	75	65		
	Esporádico	37	32	72	62		
	Continuo	35	30	70	60		
Zona A – Exterior. Sanitaria, docente, Cultural ou saturada de ruídos	Corto eventual					60	50
	Esporádico					60	50
	Continuo					60	50
Zona B – Exterior. - Residencial	Corto eventual					65	55
	Esporádico					65	55
	Continuo					65	55
Zona C ou D – Exterior. Comercial ou industrial	Corto eventual					80	80
	Esporádico					73	73
	Continuo					70	70

(1) NRII Nivel de recepción interno con orixe interna. É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto, situado no propio edificio ou nun edificio estremeiro.

(2) NRIE Nivel de recepción interno con orixe externa. É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha abundancia sonora que procede do espacio libre exterior. Medirase fronte a unha ventá aberta, a uns 50 cm por fora da fachada.

(3) NRE Nivel de recepción externo. É o nivel de recepción medido nun determinado punto situado no espacio libre exterior.

(4) DÍA: de 08 a 22 horas - NOITE: de 22 a 08 horas

CAPÍTULO QUINTO
Características de medición e límites de nivel de vibracións

Art. 35º Para a determinación do nivel de vibracións empregarase calquera dos aparellos permitidos pola lexislación vixente. As curvas base ás que fai referencia a presente Ordenanza son ás da figura que se insire no Anexo III.

Art. 36º Os valores máximos de recepción das vibracións no ambiente interior son as que de seguido se sinalan:

USO	**PERÍODO**	**CURVA BASE**
SANITARIO	Día	1
	Noite	1
RESIDENCIAL	Día	2
	Noite	1,4
OFICINAS	Día	4
	Noite	4
ALMACÉN E COMERCIAL	Día	8
	Noite	8

CAPÍTULO SEXTO
Infraccións e Sancións

Art. 37.- Consideraranse infraccións administrativas as sancións ou omisións que contraveñan as disposicións desta lei. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación contida nos artigos seguintes.

Art. 38.- Constitúen faltas leves:

a) A superación dos límites admitidos ata 5 dBA.

b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación

c) Calquera outra infracción ás normas desta lei non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave

d) A realización das actividades non permitidas polo artigo 7.º

e) A circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inaxeitados ou deteriorados

f) A non presentación dos vehículos nas inspeccións

Art. 39.- Constitúen faltas graves:

a) A superación en máis de 5 dB(A) dos valores límite admitidos

b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación

c) A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas

d) A negativa ou obstrucción ó labor inspector, considerarase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedir ós funcionarios competentes a entrada nos recintos e locais nos que se deban realizar as inspeccións

e) A reincidencia en faltas leves no prazo de doce meses

f) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir ruídos ou vibracións sen obter a previa autorización ou licencia

g) A transgresión ou o incumprimento das condicións impostas na autorización ou licencia, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evitar a imposición da sanción se proceden voluntariamente á paralización ou á non iniciación da actividade.

Art. 40.- Constitúen faltas moi graves:

a) A superación en máis de 15 dBA dos valores límite admitidos .

b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.

c) A reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses.

d) A incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente

Art. 41.- As infraccións ós preceptos desta lei sancionaranse da seguinte maneira:

a) Infraccións leves, con multa de 60,10 euros ata 1.502,53 euros.
b) Infraccións graves, con multa de 1.502,54 euros ata 9.015,18 euros, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espacio superior a seis meses ou con carácter definitivo.
c) Infraccións moi graves, con multa de 9.015,19 euros ata 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por espacio superior a seis meses ou con carácter definitivo.

Sempre que a comisión da infracción se producira por primeira vez e a corrección da emisión de ruído que orixinou a sanción se fixera nun prazo de corenta e oito horas, reducíndoa ó nivel autorizado a sanción imporase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partires da comprobación da comisión da infracción.

A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá interporse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no senso de dificultar, falsear ou desvirtuar o resultado da inspección.

Art. 42.- Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, aparte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización de danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución de ditos actos, se o infractor non os cumprira voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderán impórselle multas coercitivas sucesivas de ata 3005,06 euros cada unha. Igualmente, poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Art. 43.- Cando os establecementos ós que fan referencia os artigos. 28 e 29 da presente Ordenanza instalasen un mecanismo limitador do nivel sonoro que impida a emisión de ruídos por encima dos niveis máximos permitidos, non poderán ser sancionados cando por calquera motivo alleo á vontade dos titulares fallase o limitador, sempre e cando unha vez detectado o fallo se proceda a súa inmediata corrección.

Para que o precepto anterior poida ser de aplicación, o mecanismo limitador ten que estar supervisado e comprobado polos servicios técnicos do Concello e non poderá ser manipulado por persoal alleo ós anteditos servicios.
A manipulación do mecanismo limitador por persoal alleo ós servicios técnicos municipais fará inaplicable o precepto contido no primeiro parágrafo da presente disposición.

Art. 44.- As infraccións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos, dende a comisión do feito:

a) Seis meses, no caso de infraccións leves

b) Dous anos, no caso de infraccións graves

c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves

Art. 45.- Con independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar poderase acordar a inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderase acordar a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a producción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumprido no prazo que para o efecto se sinale. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia na

actuación infractora. Estas medidas adoptaranse previa audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, excepto naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- Ós efectos da presente Ordenanza e mentres non se aprobe polo Excmo. Concello de Ourense un mapa do termo municipal no que se determinen as zonas de sensibilidade acústica, estas entenderanse determinadas polo uso do chan establecido dentro do Plano Xeral de Ordenación Urbana. Corresponderá ó Excmo. Concello de Ourense determinar en cada caso a zona de sensibilidade acústica equivalente de acordo co uso ó que estee afecto o chan dentro do PXOU.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Os modelos de sonógrafo permanentes ou aparatos que rexistren os niveis sonoros existentes dentro dos locais, así como os de mecanismos limitadores terán as características que se sinalan no Anexo II de esta Ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- O Concello creará un rexistro municipal de denuncias no que se levará relación cronolóxica de tódalas denuncias presentadas, así como o seu estado de tramitación. Tal rexistro será de acceso público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.- O Concello promoverá a creación dun órgano de mediación do que formarán parte representantes da administración, dos empresarios e dos veciños, na que a súa misión será mediar nos conflictos que se deriven da aplicación da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA.- Os bares musicais situados nas vías públicas relacionadas co artigo 1º do anexo I da Ordenanza que á entrada en vigor da modificación desta, aprobada inicialmente polo Pleno, na sesión de nove de abril de mil novecentos noventa e nove (BOP de 14 de maio de 1999), tivesen concedida licencia de apertura distinta das enumeradas no artigo 31.5 desta, **e estiveran exercendo a actividade de café bar especial nese momento** poderán exercer esta actividade, previa autorización da Comisión Municipal de Goberno, si aplican as medidas correctoras que esta última estableza, de entre as sinaladas no artigo 2 daquel texto, **unha vez que esta petición se dictamine, preceptiva e non vinculantemente pola comisión especial de ruídos.**

Establecese un prazo de tres meses, dende a publicación no BOP da súa aprobación definitiva, para que os establecementos comprendidos no parágrafo anterior soliciten o outorgamento da autorización regulada nesta aplicación adicional.

As autorizacións así outorgadas serán intransmisibles.

Será obrigatorio que todos estes establecementos dispoñan dunha placa identificación que teña as seguintes características:

Deberá estar realizada en bronce de fundición tradicional, pátina (marrón inglés) recuberta con verniz/poliéster, forma rectangular de 2 x 11 cm. e 6 mm de groso, co borde, letras e escudo en relevo e pulidos, identificará o establecemento, o titular da licencia e o número de licencia e a data de expedición desta. Para isto, estes datos, ó igual que o escudo en relevo e pulidos, identificará o establecemento ó igual que o escudo do Concello de Ourense deberán estar gravados e acuñados sobre fondo patinado (marrón inglés) e protexidos con verniz/poliéster. Esta placa deberá estar nun lugar visible á entrada do establecemento, de forma que en calquera momento sexa controlable polos técnicos municipais

Así mesmo será obrigatoria a instalación nestes locais dun limitador de son.

A infracción destas obrigacións terá a consideración de moi grave, sen prexuízo da súa consideración como medida correctora á efectos do RAMNIP.

ANEXO I: ZONA SATURADA DE RUÍDOS

1. Créase a **ZONA 1**, a que se delimita e se regula no anexo á presente Ordenanza. Nesta zona, como consecuencia da consideración desta como saturada de ruídos pola producción de efectos aditivos das actuais instalacións, equipárase, en canto a nivel de ruído permitido, á zona A, por

tratarse dun espacio protexido. Para que se poida realiza-la tramitación da nova licencia de apertura na dita zona para café bar especial, pubs, café cantante, café concerto, boleiras, billares, salón de xogos recreativos, discotecas, salas de baile, salas de festas, taboados flamencos, misic-hall, cines, bingos, barras americanas, bares de alterne, night club e whiskerías, deberase xustificar diante do concello que nun radio de 40 metros non existe outra instalación de semellantes características.

2. Para os efectos previdos no art. 27.4 da presente ordenanza delimítase a zona 1, zona do núcleo histórico que se define como zona saturada de ruídos e vibracións, que queda formada polas vías públicas que de seguido se relacionan:

   R/ Cabeza de Manzaneda
   R/ Pena Corneira
   R/ San Pedro
   Praza das Mercedes
   Praza das Flores
   Praza do Correxidor
   R/ Gravina
   R/ Lúa
   R/ Pizarro
   R/Lepanto
   R/ Viriato
   R/ Paxaro
   Praza do Trigo
   R/ Unión
   R/ Cardeal Cisneros
   R/ Juán de Austria
   R/ Dos Fornos
   R/ Hernán Cortes
   Praza de Pena Vixía
   Praza da Madalena

3. Establécense como obrigatorias e preceptivas, para que poida concederse a nova licencia de apertura para o exercicio das actividades sinaladas no parágrafo 1 de este Anexo dentro da zona 1, ademais das xerais contidas na presente Ordenanza, as seguintes medidas correctoras de ruídos:

- Chan flotante
- Teito illante suspendido axeitado
- Pechamentos dobres
- Portas acústicas
- Dobre porta non enfrontadas
- Ausencia de ventás practicables e ocos ó exterior
- Aire acondicionado
- Sonógrafo e limitador sonoro do equipo de música

4. Co ánimo de establecer un máis preciso control sobre os locais que exerzan as actividades de hostalería dentro da zona 1 e evita-las molestias que leva de seu o exercicio deste tipo de actividades, créase a placa identificativa de locais en zonas saturadas de ruídos. Esta placa, para as actividades sinaladas no parágrafo 1 de este Anexo, deberá estar realizada en bronce de fundición tradicional, pátina (marrón inglés) recuberta con verniz/poliéster, forma ovalada de 16 x 25 cm e 6 mm de groso, co borde, letras e escudo en relevo e pulidos, identificará o establecemento, o titular da licencia e o número de licencia e a data de expedición desta. Para isto, estes datos, ó igual que o escudo en relevo e pulidos, identificará o establecemento ó igual que o escudo do Concello de Ourense deberán estar gravados e acuñados sobre fondo patinado (marrón inglés) e protexidos con verniz/poliéster. Esta placa deberá estar en lugar visible á entrada do establecemento, de forma que en calquera momento sexa controlable polos técnicos municipais. Desta forma o control por parte dos axentes da autoridade será máis doado e preciso e delimitaranse as responsabilidades cunha eficacia considerable. Así mesmo será de instalación obrigatoria nos locais que exerzan as actividades

sinaladas no parágrafo 1 deste anexo, dentro da zona 1 un limitador de son. A infracción do presente artigo terá a consideración de falta grave.

As características da placa do resto de establecementos de hostalería serán as seguintes: estar realizada en aluminio, color prateado, forma ovalada de 16 x 25 cm e 6 mm de groso, co borde, letras e escudo en relevo e pulidos, identificará o establecemento, o titular da licencia e o número de licencia e a data de expedición desta. Para isto, estes datos, ó igual que o escudo en relevo e pulidos, identificará o establecemento ó igual que o escudo do Concello de Ourense. Esta placa deberá estar en lugar visible á entrada do establecemento, de forma que en calquera momento sexa controlable polos técnicos municipais.

ANEXO II

1.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS DO EQUIPO DE SONÓMETRO PERMANENTE (SONÓGRAFO REXISTRADOR, CAIXA NEGRA...)

Os sonógrafos rexistradores do nivel sonoro no interior dos locais de actividades susceptibles de produciren ruídos terán as seguintes características mínimas:

- Rexistro e almacenamento do período de funcionamento ruidoso da actividade na que se indica como mínimo: data e hora do comezo, data e hora de terminación, máximo nivel continuo equivalente durante 1 minuto do período e hora na que esta se produce, así como os niveis continuos equivalentes medio e mínimo da sesión.

- Rexistro e almacenamento dos períodos de funcionamento das fontes, rexistrando data e hora de acendido e data e hora de apagado.

- Capacidade de conservación da información rexistrada e almacenada correspondente a un período mínimo dun mes.

- Posibilidade de ser programado como rexistrador de nivel, proporcionando a curva de niveis de cada sesión, no suposto de que así o consideren necesario os servicios de inspección.

- Disposición dun sistema que permita realiza-la lectura da información rexistrada e almacenada, de forma que esta poida ser trasladada ós sistemas informáticos do servicio municipal competente para a súa análise e avaliación, permitindo así mesmo a súa impresión. Todas estas operacións deberán poder realizarse sen destrucción nin alteración da información almacenada no dispositivo, e non deberá existir posibilidade ningunha de manipulación desta información.

- O elemento sensor do sonógrafo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible dende a entrada do local, na zona que caracterice na maior medida o nivel sonoro existente en todo o local (zona central), fóra do alcance natural dos clientes do local ou protexido contra posibles accións indebidas (golpes, subtracción, etc.).

Para a instalación do equipo sonógrafo é necesario a presentación dun deseño (esbozo) no que se sinale a situación do micrófono incorporado.

2.- **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS DO EQUIPO LIMITADOR SONORO DO EQUIPO DE MÚSICA**

Os limitadores controladores de niveis sonoros deberán intervir de forma espectral co obxecto de posibilitar, no caso necesario, a utilización do máximo nivel sonoro de emisión que o illamento acústico do local lle permita. Os limitadores controladores, ademais das prestacións propias proporcionadas polo dispositivo rexistrador, no suposto de que este se lle incorporase, deberán dispoñer das funcións seguintes:

a) Deberán efectua-lo control sobre a emisión acústica da cadea de son, polo menos en bandas de oitava (mellor en bandas máis estreitas), sendo a frecuencia máis baixa controlada inferior a 60 Hz, e a frecuencia máis alta, superior a 4000 Hz (bandas

con frecuencia central de 63, 125, 250, 500, 1000, 2000 e 4000 Hz). Non está permitido o uso de limitadores globais en banda ancha.

b) Sistema de calibración interno que permita detectar posibles manipulacións do equipo de emisión sonora.
c) Sistema de seguridade contra posibles manipulacións do dispositivo para que, no suposto de que estas puidesen chegar a realizarse, queden almacenadas nunha memoria interna do equipo.
d) Almacenamento das calibracións periódicas e do sistema de seguridade mediante soporte físico estable, de tal forma que non se vexa afectado por fallo de tensión, polo que deberá estar dotado dos necesarios elementos de alimentación alternativa (baterías, acumuladores, etc.).
e) Deberán dispoñer dun sistema que permita o seu fácil precintado polos servicios técnicos municipais, e impida posibles manipulacións posteriores que non sexan detectables.

A instalación dun equipo limitador controlador acompaña a necesidade de presentación da seguinte documentación:

1. Informe das características técnicas do equipo musical instalado, sobre todo daqueles elementos polos que pasa o sinal eléctrico tralo equipo limitador, xeralmente filtros de cruzamento (cruce), etapas amplificadoras de potencia e caixas acústicas, incluíndo un diagrama de bloques das interconexións de estes elementos; e daqueles que dispoñan dalgún tipo de regulación manual entregaranse copias do manual de instruccións e recoméndase que estes equipos non dispoñan de mandos de regulación facilmente accesibles.

2. Ademais dos equipos sinalados anteriormente (os que van instalados despois do limitador) tamén se presentará o manual de instruccións da mesa de mesturas (mezclas) ou preamplificador polos que pasa o sinal eléctrico antes de chegar ó limitador.

3. Deseño (esbozo) da situación, suxeición e enfoque das caixas acústicas.

4. Deseño (esbozo) no que se sinale a situación do micrófono incorporado.

Poderá aceptarse a instalación de equipos que, non reunindo exactamente as características mínimas indicadas, dispoñan doutras características ou funcións que suplan as carencias fronte ás características mínimas esixidas, ou que as súas características non varíen substancialmente das mínimas esixidas.

Nestes casos a súa instalación deberá ser solicitada previamente, achegando as características técnicas do equipo.
Antes da súa instalación deberán ser informados e aceptados polos servicios técnicos municipais competentes.
O valor de L_{eq60} (Nivel sonoro equivalente durante 60 segundos), rexistrado no sonógrafo, a partir do que se considera infracción a esta Ordenanza, será o menor de tódolos valores que se poidan calcular coa seguinte fórmula, tendo en conta tódolos distintos tipos de zonas no entorno da actividade:

L_{eqmax} (dBA) = Illamento respecto de un punto do entorno (dB) + Nivel de ruído máximo permitido de recepción en ese punto (dBA), en función do horario (diúrno/nocturno).

O valor do illamento a empregar na anterior fórmula será o obtido polos métodos indicados na sección 6 do CAPÍTULO TERCEIRO, en función de que o punto de recepción estee situado en ambiente interior ou exterior.

Deberase de instalar un sonógrafo en cada unha das zonas nas que acusticamente se poida dividir a superficie total do local no que se realice a actividade.
En todo caso que se estime necesario (debido a denuncias reiteradas ou outras causas), os servicios técnicos do Concello poderán proceder á instalación temporal de un sonógrafo (a cargo do Concello) en actividades que no estean obrigadas. Nestes casos, realizárase un contrato para asegura-la devolución do equipo en bo estado.

Os limitadores dos equipos de reproducción sonora deberán de asegurar que o nivel sonoro recibido no entorno sexa inferior os valores sinalados no CAPÍTULO CUARTO.

ANEXO III

CURVAS BASE PARA A VALORACIÓN DAS VIBRACIÓNS (Véxase capítulo quinto)



ANEXO IV. DEFINICIÓN XERAL DOS ESTABLECEMENTOS

Bar:..... Establecemento do que a finalidade primordial es la expedición de bebidas, que solen tomarse de pe o sentado, diante do mostrador ou en mesas, onde as persoas acoden co propósito fundamental de reunirse e falar. Neste grupo compréndense as denominadas tabernas.

Café-Bar,Cafetería:..Establecemento onde se bebe café ou outras bebidas. Antigamente centro de faladoiros literarios ou de intranscendente charla intelectual, símbolo de una existencia más plácida e estática. Na actualidade, establecemento público destinado á expedición de café e bebidas de tódalas clases, servindo ó público mediante prezo, principalmente na barra ou mostrador, e a calquera hora, dentro das que permaneza aberto o establecemento, pratos fríos e quentes, simples o combinados, confeccionados de ordinario á prancha para refrixerio rápido.

Café-cantante:....Establecemento público de características similares ó anterior, pero amenizado por cantantes ou músicos.

Café-concerto:..... Teatro onde os espectadores poden fumar e beber e do que o programa inclúe números de canto, pantomimas e ballets.

Café - bar

Especial :.... Nas súas variantes actuais pode estar amenizado con música ambiental, quedando asimilado a Pub.

Pub: ... Voz inglesa abreviatura de "public-hause" (local público). Establecemento orixinalmente británico onde se poden tomar bebidas alcohólicas, e que a dinámica social dos nosos tempos transformou nun centro de diversión ambientada con música.

Discoteca:.... Local de pública concorrencia, onde se expenden bebidas alcohólicas e se baila con acompañamento musical baseándose en soportes discográficos. O elemento característico é a existencia de pista de baile.

Taboado flamenco:...Local público que dispón de tarima ou escenario que é utilizado para actuacións dun determinado espectáculo flamenco. O termo estivo referido nun principio ós denominados cafés-cantantes.

Sala de festas :... Salón de baile o cabaré (del francés taberna), lugar de espallamento de onde se bebe, se baila e se representan espectáculos principalmente de noite, sinónimo de "boite" e "Music-Hall".

Karaoke:.. Establecemento público onde se expiden bebidas alcohólicas e, segundo a moda importada do Xapón, os usuarios intentan reproducir coa súa voz sobre un fondo orquestrado que lle guía e arroupa calquera das cancións de moda.

Restaurante:...Establecemento público do que a finalidade primordial é a de servir comidas ó público. As súas diversas clases comprenden unha gama infinita, dende a modesta casa de comidas que proporciona un menú fixo a prezos moi económicos ata os suntuosos restaurantes de fama: quedan encadrados dentro desta categoría as súas variantes como ventas, mesos, asadores, etc.

Barra Americana:... Establecemento público onde en un ambiente marcadamente erótico, e amenizado con música, se expenden bebidas alcohólicas, servidas por persoal feminino ou masculino. Quedan comprendidos dentro desta categoría os Bares de Alterne, Whiskerías e Night Club.

Bingos: ..... Sociedades o Centros de reunión constituídos con la primordial finalidade de practicar una variedade de lotería denominada bingo.

Billar, Ping-Pong,

Boleira: ... Establecemento público destinado á práctica do xogo de billar, ping-pong, bolos, provistos a tales fins das correspondentes mesas de xogo ou instalacións específicas para xogo de bolos.

Salón de xogos

Recreativos: ..... Establecemento público dotado primordialmente de máquinas recreativas e de azar tipos "A", "B" y "C".

Locais específicos

De música, danza:. . Establecementos destinados ó ensino ou práctica da música (con instrumentos musicais, coros, etc.) ou danza que non teñan carácter esporádico ou ocasional (Ximnasia Artística, Aerobic, etc...).

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: Ordenanza Municipal sobre Protección contra Ruídos e Vibracións.

Visto o borrador da Ordenanza Municipal sobre Protección contra Ruídos e Vibracións, esta secretaría infórmaa favorablemente, toda vez que o seu articulado axustase á Lei 7/97, de 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica e o seu regulamento de desenrolo.

A competencia para a súa aprobación ven atribuída ó Pleno de conformidade co artigo 22.2.d da Lei 7/85.

En canto ó procedemento haberá de axustarse ó establecido no artigo 49 da Lei 7/85 en relación co disposto no artigo 70.2 desta Lei.

Por ilo, proponse a aprobación definitiva da Ordenanza Municipal sobre Protección contra Ruídos e Vibracións.

Non obstante a Corporación resolverá.

Ourense,

O SECRETARIO XERAL

Mariano Rodríguez Gutiérrez